

DEPARTAMENTO DE LINGUA  
GALEGA E LITERATURA

2º BACHARELATO

**ANTOLOXÍA DE TEXTOS  
POÉTICOS DE PREGUERRA**

---

## RAMÓN CABANILLAS



## *Vento mareiro*



### CAMIÑO LONGO

Camiño, camiño longo,  
camiño da miña vida,  
escuro e triste de noite,  
triste e escuro de día...  
¡camiño longo  
da miña vida !

Vereda, vereda torta  
en duras laxes aberta,  
arrodada de toxos,  
crebada polas lameiras...  
¡vereda torta, ti onde me levas!

Camiño, camiño longo.  
A choiva, a neve e as silvas  
enchéronme de friaxe,  
cubrironme de feridas...  
¡camiño longo da miña vida !

Vereda, vereda fonda  
de fontes tristes, sen auga;  
sen carballos que dean sombra,  
nin chouzas que dean pousada..  
¡vereda fonda, ti cando acabas!

### LUME NO PAZO

Prendeu lume no pazo.

A roxa labarada  
alumea a campía.

Atronan as campanas  
o val.  
Quentan o aire  
espesas bafaradas  
de fume.

Corre a xente.

Berrando, atolondrada.

Ó arde-lo cume, as tellas  
enroxecen e estalan.  
Caien, cruxindo, as vigas,  
e o lume ás catro bandas  
envolve a torre.

Muxen  
de medo os bois nas coadras.

A xente rube ó adro  
pra ver onde é a disgracia  
e ó mirar cara ó pazo

detense amontoada.

Érguense as mans ó ceo,  
e sanguiñenta, tráxica,  
refréxase nos ollos  
a roxa labarada.

E un velliño, moi vello,  
de guedelliñas brancas,  
que vive de milagre,  
xantando cando xanta,  
vestido de farrapos  
e durmindo onde cadra,  
—todo por mor dun preito  
de rendas atrasadas,  
no que os donos do pazo  
deixárono sin nada—,  
ollando cara ó lume,  
rise, barulla e fala  
¡de ir busca-lo gaiteiro  
para que toque a gaita!

### **¡MISERERE!**

*A Xosé Palacios*

Morre abafada Galicia  
baixo a pouta castelán:

temos fame de xusticia;  
fame de lobo e de can.  
¡Probe de nós!  
¡Dios nos colla da súa man!

Saien os vapores cheos;  
nenos e homes que se van:  
cai o pedrizo dos ceos  
e deixa arrasado o chan.  
¡Probe de nós!  
¡Dios nos colla da súa man!

Ó chegar o Sanmartiño  
os foreiros voltarán:  
ni esquecerán o camiño  
ni as rendas esquecerán.  
¡Probe de nós!  
¡Dios nos colla da súa man!

No hai herba pra darlle ó gando  
nin queda palla do vran:  
os automobis bruando  
carretera adiante van.  
¡Probe de nós!  
¡Dios nos colla da súa man!

Xuraron nas eleicións  
faguer a vida levián:  
ruben as contribucións;


o ano que vén dobrarán.  
¡Probe de nós!  
¡Dios nos colla da súa man!

A corenta reás o millo  
e non se atopa ni un gran:  
eles... dándolle ó sarillo,  
faguendo como que fan.  
¡Probe de nós!  
¡Dios nos colla da súa man!

Temos o frío nos ósos  
e no hai follato nin lan:  
choran os filliños nosos  
pedindo quentura e pan.  
¡Probe de nós!  
¡Dios nos colla da súa man!

¡Temos frío! ¡Temos medo  
de erguer o sacho na man!  
¡Bebemos o viño acedo  
e xa o sangue é solimán!  
¡Probe de nós!

¡Probe dos probes sin pan!  
¡Dios nos colla da súa man!




### **¡EN PÉ!**

*A Lois Porteiro*

¡Irmáns! En pé sereos  
a limpa fronte erguida,  
envoltos na brancura  
da luz que cae de riba,  
o corazón aberto  
a toda verba amiga  
e nunha man a fouce  
e noutra man a oliva,  
arredor da bandeira azul e branca,  
arredor da bandeira de Galicia,  
¡cantémo-lo dereito  
á libre nova vida!

Validos de traidores  
a noite de Frouseira  
á patria escravizaron  
uns reises de Castela.  
Comestas polo tempo  
xa afrouxan as cadeas...  
¡Irmáns asoballados  
de xentes estranxeiras,  
ergámo-la bandeira azul e branca!  
E ó pé da enseña da nación galega  
cantémo-lo dereito  
á libertá da Terra!

¡Irmáns no amor a Suevia  
de lexendaria historia,  
¡en pé! ¡En pé dispostos  
a non morrer sen loita!  
¡O día do Medulio  
con sangue quente e roxa  
mercámo-lo dereito  
á libre, honrada chouza!  
¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!  
¡A oliva nunha man, a fouce noutra,  
berremos alto e forte:  
“A nosa terra é nosa”.



### **NA TABERNA**

Os mozos mariñeiros da fiada  
lémbrense rindo alleos de coidados;  
cheira a aceite e pemento requemados  
rustrido de xurés en caldeirada.

Conta o patrón nun corro a treboada  
do ano setenta –historia de afogados–;  
e empuxándose, inando, entran mollados  
os homes dunha "lancha de enviada".

Pasa de man en man a xerra roiba  
de albariño, e namentres cae a choiva  
o vento fai tremar a casa enteira,

detrás do mostrador clarexa o ceo  
nas trenzas de ouro, no mirar sereo, na  
sorrison de luz da taberneira.

### **NA RIBEIRA**

Gaiotas brancas, como vellas tolas,  
arredor da pulida regateira  
que escabecha sardiñas na ribeira  
voan do sol as últimas raiolas.

Coa camisa de fóra e as cirolas  
rachadas, en romaxe brincadeira  
como pardales soltos na paneira,  
pasan os rapaciños das escolas.

As dornas gañan porto bolinando  
por un mar ferruxento que bruando  
espalla sobre os cons albas guedellas.

Baixo as árbores, ó abrigo do nordeste,  
o notario, o xuíz e o arcipreste  
pasean discutindo a Canalexas.

### **¡ A BASILIO ÁLVAREZ!**

" ¡Sementador! O trigo dos beirales  
mostra as espigas mestas e douradas,  
e as segadoras fouces. afiadas,  
teñen tráxico brillo de puñales.

O teu verbo, estalante nos pinales,  
troca, ó chegar ás chouzas das valgadas,

os salaios das gorxas abafadas  
en ruxidos guerreiros e triunfales

A aldea érguese co claror da aurora  
agardando o sinal, e non sosega  
en anxo de loita vingadora.

¡Xa a luz do sol do mediodía cega,  
sementador! ¡Sementador xa é hora  
de da-lo berro e comenza-la sega! "

### **A PRINCESA ROIBA**


Reza un merlo no souto  
frorido de cereixos  
relixioso ofertorio  
duns místicos amores.  
Pasa un vento de bicos  
que vai buscando beixos,  
como enxame de abellas  
que vai buscando froes.

Fío a fío debulla  
súa madeixa a fonte  
barbullando chorosa  
o verso lexendario  
do Paxe do Castelo  
aforcado na Ponte

e da Reina encantada  
no Pazo solitario.

Nas follas dos salgueiros  
pelexas e chilidos.  
Un trasno luxurioso  
estala en gargalladas  
ollando, sobre o espello  
das augas, os despidos  
corpos, cristal e neve,  
dun fato de driadas.

Nos cálices das rosas  
hai comunión de orballo.  
Mentras no rexio alcázar  
xunto ó baleiro trono  
por ela espera a Corte,  
á sombra dun carballo  
texe a Princesa roiba  
un encaixe de Ensono.




Amor, eterna inqueda  
pon nos meus beizos doídos  
o caliz da Saudade!

Dáme a divina tristeza  
da nave que vai sen rumbo  
sobre do mar da incerteza!

Dáme o segredo coído  
de ser roseira sen rosas  
e cantiga sen sonido!

Dáme o doce desespero  
de non saber se me quere  
morréndome do que a quero!

Dáme a sagra vaguedade  
de ir tecendo a miña vida  
con soños de eternidade!



Nun nimbo luminoso xorde o bardo adiviño  
envolveito en brancuras recedentes de liño,  
ollos gazos, profundos, longa barba florida,  
cingue a fronte coas hedras da coroa druida  
e na man, que reloce como un lirio bendito,  
ten a fouce de ouro do litúrxico rito;  
a fouce segadora da mandrágora, ao raio  
de feitizo e de agoiro dos luares de maio.

É Merlín o profeta, o celta armoricán,  
dos silfos e das umias ollado por irmán,  
sabedor dos encantos e os máxicos conxuros,  
das virtudes das herbas e dos fados escuros,  
que nos claros dos bosques e os baixíos costeiros  
aprendeu a divina linguaxe dos luceiros;  
o bardo das idades, o da secreta ciencia  
que a terra fixo súa, impóndolle obediencia  
ás augas da riada, aos rochedos do cume,  
ás nubes da tormenta, á ardentía do lume.

Impoñente, amosando nativa maxestade,  
na mirada un sereno claror de eternidade,


ten os pés -cruz de ouro, folla núa afiada-  
sobre o manto da neve unha fúlxida espada.  
Aceiro puro e virxe das entrañas da terra,  
cos lumes siderais das estrelas en guerra  
nas fragas treboantes dos lóstregos forxado,  
que no dolmen batido e no Xordán templado,  
foille dado a unha raza de homes sans e valentes,  
cabeceira de pobos, guiadora de xentes,  
para impór unha ciencia, sinalando o camiño  
que por riba dos tempos leva ao triunfo diviño.

Ergueito como o pino que as altas nubes fende,  
os brazos sarmentosos o bardo aos ceos tende,  
e escóitase na noite solemne resoar  
a súa voz bruante, sonora como o mar:

Baixo a dozura do ceo  
da nobre Galicia irmán  
onde pola nosa gloria  
inda dourando o fogar  
vive aceso o lume sagro  
dos claros días do clan,  
hai unha illa encantada  
de rochedos coral,  
esmeralda verdegaia  
ao resplandor do luar,  
bicada de manseliñas  
augas de limpo cristal  
na que as sereas ensaian  
seu namorante cantar  
mentres os pinos lánzales  
escoitan voces leviás  
que chegan esmorecidas  
do misterio de alén-mar.

Nunha furna que galgantes  
cerran as ondas do mar,  
apreixada nas ferintes  
poutas dunha aguia real,  
gardada por un dragón  
de alento que é solimán,  
brillaba a fúlxida espada  
Escalibor, o triunfal  
aceiro da heroica idade  
cantada por Osían,  
que ten de ser sobre a Terra  
ergueita en céltigas mans,  
símbolo, florón e escudo  
da Cruz, do Amor e da Paz.

## NORIEGA VARELA



### UNHA BREVE PUCHARQUIÑA

É unha breve pucharquiña  
sobre un enorme penedo.

Sin fatuidade urbana,  
míranse naquel espello  
as froliñas dun carpazo,  
a ramaxe dun esvedro,  
linda pastora de Anaigo,  
e as estreliñas do ceio.

É unha breve pucharquiña  
sobre un enorme penedo.

### LABERQUIÑA...

Laberquiña, que te axotas  
das degaradas gueivotas  
oíndo o salvaxe berro,  
musa, que a mariña extrañas,  
olla as azules montañas  
desde as plaias do desterro.

Esquence o mar, lembra o gado  
miúdo, e o regalado  
vivir, as tumbadas festas,  
e as cantigas dos pastores,

que fan grinaldas coas frores  
amareliñas das xestas.

### AS FLORIÑAS DOS TOXOS

¡Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!  
Eu venero as froliñas dos toxos.

Dos toxales as tenues froliñas,  
que sorríen, a medo, entre espiñas.


Entre espiñas que o ceio agasalla  
con diamantes as noites que orballa.

¡Oh do ermo preciado tesouro:  
as froliñas dos toxos son de ouro!

De ouro vello son, mai, as froliñas  
dos bravos toxales, ¡das devociós miñas!...

## POESÍA DE VANGARDA

### MANUEL ANTONIO



## **INTENCIÓNS**

Encheremol-as velas

C'a luz náufraga d'a madrugada

Pendurando en dous puntos cardinaes  
a randeeira esguía  
d'o pailebote branco

C'as suas mans loiras  
acenan mil adeuses as estrelas

Inventaremos frustradas descubertas  
a barlovento d'os horizontes  
pra acelerar os abolidos corazóns  
d'os nosos veleiros defraudados

Halaremos pol-o chicote  
d'un meridián innumerado

N'a illa anónima  
de cada singladura  
esculcaremos o remorso d'a cidade

Ela noitámbula desfollará  
como unha margarida prostibularia  
a Rosa d'os Ventos d'o noso corazón

Encadearemos adeuses d'escuma  
pra total-as praias perdidas  
Xuntaremos cadernos en branco  
d'a novela errante d'o vento

Pescaremos n-a rede d'os atlas  
ronseles de Simbad

E cazaremol-a vela  
sobre o torso rebelde d'as tormentas  
pra trincar a escota d'unha ilusión.

## **SOS**

Fomos ficando sos  
o Mar o barco e mais nós

Roubanron-nos o Sol  
O paquebote esmaltado  
que cosía con liñas de fume  
áxiles cadros sin marco

Roubaron-nos o vento  
Aquel veleiro que se evadeu  
pol-a corda floxa d'o horizonte

Este oucéano desatracou d'as costas  
e os ventos d'a Roseta  
ourentaron-se ao esquenzo

As nosas soedades  
veñen de tan lonxe  
como as horas d'o reloxe



Pero tamén sabemos a maniobra  
d'os navíos que fondean  
a sotavento d'unha singladura

N-o cuadrante estantío d'as estrelas  
ficou parada esta hora:  
O cadavre d'o Mar  
fixo d'o barco un cadaleito

Fume de pipa	Saudade	
Noite	Silenzio	Frio
E ficamos nós sós		
Sin o Mar e sin o barco		
nós.		

### NAVY BAR

Este bar ten balances  
E tamén está listo  
pra se facer á vela

Encheron-nos o vaso  
con toda a auga d'o Mar  
pra compor un cock-tail de horizontes

Pendurados d'as horas  
atlas xeográficos d'esperantos  
están sin tradución

E tateyan as pipas  
c'o ademán políglota d'as bandeiras

Ese cantar improvisado  
é o mesmo  
que xa se improvisou n-algures

Quen chegou avisando-nos  
d'esa cita nocturna que temos  
c'o vento ao N E  
n-a encrucillada d'as estrelas apagadas?

Eiqué bebe de incónito  
O Mariñeiro Desconecido  
-sin xeografía nin literatura-  
A noite d'os naufraxos  
c'o seu brazo salvavidas  
aferrará con nosco unha vela de  
chuvascos

O vaso derradeiro  
estaba cheo de despedidas

Pol-as rúas dispersas  
ibamo-nos fechando  
cada un dentro d'a súa alta-mar

N'o repouso d'algún vaso  
total-as noites naufraga o Bar.

### RECALADA

Atoparemos n-o peirán  
as follas evadidas  
d'o almanaque d'os nosos soños

As novas ruas de sempre  
eishibirán o escaparate  
d'as mesmas noivas inéditas

Fumaremos n-as pipas despeitivas  
total-as transeúntes  
hostilidades mudas

O vaso desbicado n-outro porto  
remataremol-o eiqué n-o mesmo bar  
cabo d'o mariñeiro descoñecido  
que nos repite a mesma  
ubicua sorriso loira

N-os burdeles xa saben  
que a nosa moeda  
ten o anverso de ouro  
e o reverso sentimental

Mañán despertaremos  
n`-a ausencia d'esta xornada  
Esquivouse unha folla  
d'o diario efusivo

Eramol-os espeutadores  
n-a prestidixitación  
d'unha hora artificial.

### ADEUS

Antre a calima  
traspondo o meu ollar  
esquivou-se o velamio  
Deixou-nos a badía  
chea d'a sua ausenza  
e a mañán sin perspeitiva

Agora en terra  
arredado de mín mesmo  
por un oucéano de singladuras  
o vento da Ría  
vai virando a folla de cada emoción

-O Sol indiferente  
Sirena augardentosa d'os vapores

Un retrayo de fume  
n-o rompeolas d'a paisaxe  
Os engranaxes d'a grua  
esmoen a mañán morna-

Debaixo d'os meus pasos  
xurde o ronsel d'a Vila natal


Ela c'os seus brazos cheos de sono  
teima salvar-me d'un naufraxo antigo  
E os meus ouvidos incautos  
queren dormir n'o colo  
d'as cantigas vellas

Eu cacheaba todol-os segredos  
d'as miñas mans baleiras  
porque algo foi que se perdeu n'o Mar

...alguén que chora dentro de mín  
por aquel outro eu  
que se vai n-o veleiro  
pra sempre  
coma un morto  
c'o peso eterno de todol-os adeuses.


Mañán despertaremos  
n`a ausenza d'esta xornada  
Esquivouse unha folla  
d'o diario efusivo

Eramol-os espeutadores  
n-a prestidixitación  
d'unha hora artificial.



Pailebote *Constantino Candeira*

### EXCELSIOR (de *Foulas*, inédito en vida do autor)



## BOUZA BREY



Quén dera ser nao senlleira  
n-aquel mar non presentido  
das ja mergulladas terras!  
Sen ceo, sen astros, sen vento,  
sempre â toa pol-as ondas  
deitado no esquecemento,

nin andar nin desandar,  
nin ter outro coído acedo  
que leijarse ir pol-o mar...

Quén dera ser nao senlleira!

Sen fito —estrela nin porto—  
ser eu a propia ribeira!!

¡Quen dera...

### GÁNDARA


Naquel biduído dos bidos louzanos  
o paxaro Sol non pía seus raios,  
e morre de amor.

Naquel biduído dos lanzales bidos  
o paxaro Sol non criba seus píos,  
e morre de amor.

Non criba seus ritmos, no puosa seus raios  
e albean de frío os albres delgados  
e morre de amor.

Non ceiba seus raios, non tece seus fíos  
a albres e mámoas albean de frío  
coa poldra que morre no mato cativo.

## AMADO CARBALLO



*Midi le juste y compose de feux.  
La mer, la mer toujours recommencée!  
Paul Valery, Cimitière marin*

Acorado e roibo  
durmíase o día,  
coa testa deitada  
no colo da ría.

As campás beatas  
no ceo bulían  
rezando rosarios  
á Virxen María.

Bogando nas nubens

cara ao ceo ían  
envoltas nos ouros  
do sol que morría.

Pol-o mar as velas  
eran folerpiñas,  
que da lúa aberta  
nas ágoas caíran.

Da veira do río  
chegaban cantigas  
choutando nas leiras  
molladas de risas.

Preto do hourizonte,  
estrelas obrizas  
frotaban os ollos  
tirando perguiza.  
E bicando os lonxes  
as foulas ispidas  
o alén nevaban  
de limpas surrisas.

Un outo aturuxo  
voando fuxía.  
E os bosques lonxanos  
noite revertían.

### O GALO

Ábrelle a porta ao día  
coa chave do teu cantar  
que xa na fonte da Lúa  
está lavada a mañán.

Bótalle o teu aturuxoá  
á paisaxe dende o val  
que o gran balbo das estrelas  
cairá serodio no mar.

O campo está cheo de frío  
busca un anaco de sol,  
acéndelle unha fogueira  
co lume da túa voz.

### TABERNA

Chove fóra. Nas pozas  
aboia a luz do gas.  
Na lameira da rúa  
entérrase un cantar.

Mariñeiros de Amberes,  
de Cork e Rotterdam...  
O acordeón borracho  
fala inglés, alemán...

.....  
Na folla do cóitelo  
fuxe a luz cal no mar.

## ÁLVARO CUNQUEIRO



No niño novo do vento  
hai unha pomba dourada,  
meu amigo!  
Quén poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer  
en fruta de verde olivo.  
Quén poidera namorala,  
meu amigo!

Ten áers de froil recente  
cousas de recén casada,  
meu amigo!  
Quén poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra  
e andar primeiro de río.  
quén poidera namorala,  
meu amigo!


.....

Si miña señora á i-alba de Arousa beilar,  
poñereille, belida, un ventíño no mar.  
*!A dorna vai e ven,  
que meu amor ten!*

Poñereille unha fruta e máis un reiseñor  
e unha longa soedade coma a da mar maior.  
*!A dorna vai e ven,  
que meu amor ten!*

Na illa de Cortegada poñereille un galán  
por pastor de mareas co seu remo na man.  
*!A dorna vai e ven,  
que meu amor ten!*

Poñereille unha gaita no bico da ría  
e unha abelaneira no medio do día.  
*!A dorna vai e ven,  
que meu amor ten!*



A dama que ía no branco cabalo  
levaba un pano de seda bordado.  
Na verde fror  
as letras van de amor!

O cabaleiro do cabalo negro  
levaba unha fita colléndolle o pelo.  
Na verde fror  
as letras van de amor!

No meio do río cambiaron as vistas,  
el para o pano i ela prá fita.  
Na verde fror  
as letras van de amor!

As vistas lles viron no río cambiar  
e o pano e a fita por se namorar  
Na verde fror  
As letras van de amor!  
Con amor vivirás!



### NOIVADO IV

Noite azul de silencio  
esquina de sí mesma  
ouvida polas amables  
galerías da lúa.

Ninguén pensa a lonxana  
melancolía morna  
dos espellos de loito  
dos teus ollos primeiros.

Creciches como donda  
anguria de vidrados  
aramio sin resposta

do teu sexo solícito.

De unha luz naufragada  
entre roseiras verdes  
fixeche quince anos.

- Un abano con paxaros.

A noite que non desce  
vóltate a nós agora  
coma ponte sin río  
ou fiestra en terra firme.

Unha estampa de sono  
a tua fábula afoga  
núos os teus cabelos  
de antiga noiva nova.



### CARACTERÍSTICAS PECULIARES DAS VANGARDAS GALEGAS

- ▶ Inexistencia dunha verdadeira escola vangardista galega (poucos autores plenamente vangardistas, un único manifesto, carencia de revistas estritamente vangardistas...)
- ▶ Non hai unha renuncia ao compromiso coa realidade social e cultural do país
- ▶ Non se produce unha ruptura total coa tradición literaria
- ▶ Literatura menos cerebral, non totalmente afastada do sentimentalismo